

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**:

Os datos de Galiza no mes de xaneiro mostran unha perda de 13.000 afiliacións e 7084 parados máis.

A cifra total de parados é, despois deste mes, de 259.002, casi 150.000 máis que cando chegou Feijoo ao goberno da Xunta de Galiza, cando o desemprego significaba o 12,4 %.

En xaneiro, o número de cotizantes sitúase nos 913.329, máis de 242.000 menos que cando Feijóo chegou á presidencia da Xunta.

O 90 % dos contraos rexistrados son temporais, e a metade a tempo parcial, e xa hai unhas 100.000 persoas paradas que teñen experiencia laboral mais non cobran prestacións por desemprego, son parados estruturais.

Galiza perdeu 82.500 ocupados entre a súa mocidade con respecto ao cuarto trimestre de 2009.

A emigración, temporalidade e precariedade son norma neste país onde os dirixentes do Partido Popular atrévense a falar do final da crise.

Porque a pesar da gravidade dos datos de emigración, exclusión social ou paro, tan preocupante é o modelo económico e social que se pretende consolidar como saída á crise.

Un modelo onde se normaliza a precariedade traducido en que un traballo non garantiza poder vivir con dignidade.

O discurso da recuperación económica está baseado no falseamento dos datos para dar unha falsa imaxe de recuperación, que non o é para inmensa maioría da poboación.

E si xa son dramáticas as cifras oficiais, máis dramática é a realidade que pretenden tapar quenes manipulan as cifras.

A norma é traballar por días, por horas, emigrar, ou facer horas extra e non cobralas, constituíndose o precariado ao que se adscriben ocupados e desempregados en situacións prolongadas de precariedade laboral, paro e pobreza material, onde prevalecen a carencia e incertidume na traxectoria económico-laboral.

Por todo o exposto, o deputado do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que con éste conxunto de cifras da situación laboral pódese falar de recuperación económica?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 26/02/2015 17:09:13